



Tel.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

concello@ponteceso.gal

www.ponteceso.gal

CIF: P1506900H

REL:01150682

RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ANUNCIO

Asunto: Aprobación definitiva do proxecto e expediente de expropiación do CAMIÑO AGRÍCOLA ENTRE BRANTUAS DE ARRIBA E BRANTUAS DE ABAIXO

O Concello Pleno acordou na sesión do 6 de agosto de 2025:

1 Aprobar definitivamente o proxecto de obra e de expropiación polo procedemento de taxación conxunta denominado CAMIÑO AGRÍCOLA ENTRE BRANTUAS DE ARRIBA E BRANTUAS DE ABAIXO.

2 Notificarlles o acordo ás persoas titulares de bens e dereitos que figuran no expediente, conferíndolles un prazo de vinte días para manifestar por escrito a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado ou propoñer a adquisición dos bens obxecto do presente expediente, libremente e por mutuo acordo co Concello de Ponteceso no prazo de 15 días, de conformidade co artigo 24 da Lei de Expropiación Forzosa

3 Entender aceptada a valoración e determinado o prezo xusto definitivamente e de conformidade, se as persoas interesadas non presentan oposición no prazo de vinte días sinalado.

4 Publicar o acordo no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña e no Diario Oficial de Galicia (DOG) co fin de que produza para as persoas interesadas ás que non se lles poida notificar os efectos previstos no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións pública.

5 Manifestar a necesidade de que as persoas interesadas no expediente presenten as certificacións rexistrais e os demais documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados, advertindo de que o pago unicamente se realizará a favor das persoas titulares rexistrais do dominio ou do titular segundo os títulos xustificativos do seu dereito completados con certificacións negativas do Rexistro da Propiedade no caso de fincas que non figuren inscritas, e que se consignará na Caixa Xeral de Depósitos o importe dos prezos xustos no resto de casos.

6 Notificarlle o acordo ao Ministerio Fiscal para os efectos do artigo 5 da Lei de expropiación forzosa en relación coas fincas das que as persoas titulares non compareceran no expediente, estiveran incapacitadas e sen titor ou persoa que os represente, ou se tratase dunha propiedade litixiosa.

7 Comunicarlles ás persoas interesadas que poderán interpor recurso potestativo de reposición contra o acordo, que pon fin á vía administrativa, no prazo dun mes, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña no

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Tel.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

concello@ponteceso.gal

www.ponteceso.gal

CIF: P1506900H

REL:01150682

RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

prazo de dous meses.

Sométese a información pública o acordo polo prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións, de conformidade cos artigos 118 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 201 e seguintes do Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto, que aproba o Regulamento de xestión urbanística.

Este anuncio serve de notificación edictal, de conformidade co artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

*Documento asinado dixitalmente o día e pola persoa que consta na marxe.